



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 82

Sesión plenaria
24 de maio de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Designación de dous senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de D^a Elena Muñoz Fonteriz e D. Juan Carlos Serrano López (Art. 165.4 do Regulamento do Parlamento de Galicia)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás catro e cinco minutos da tarde.

Designación de dous senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de D^a Elena Muñoz Fonteriz e D. Juan Carlos Serrano López. (Punto único da orde do día.)

O señor presidente, logo de abrir a sesión, comunica o acordo da Mesa en referencia aos candidatos aceptados para substituír a dona Elena Muñoz Fonteriz e don Juan Carlos Serrano López así como os pormenores regulamentarios do procedemento da votación, que será por papeleta depositada en urna, segundo o artigo 91 do Regulamento. (Páx. 4.)

A continuación dálle a palabra á señora secretaria da Mesa, Porro Martínez, que procede ao chamamento das deputadas e deputados. (Páx. 4.)

Rematada a votación, procédese ao escrutinio e o señor presidente anuncia o resultado. (Páx. 5.)

Resultado da votación: votos a favor de don Alberto Núñez Feijóo, 41; votos a favor de don Miguel Ángel Tellado Filgueira, 41; votos en branco, 31. (Páx. 5.)

Acadado un resultado positivo, quedan designados senadores, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo e don Miguel Ángel Tellado Filgueira.

Remata a sesión ás catro e vinte minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás catro e cinco minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* do día 19 de maio de 2022, polo que non se procede á súa lectura.

Non hai xustificación de inasistencias e entramos na orde do día.

O punto único deste pleno é a designación de dous senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de dona Elena Muñoz Fonteriz e don Juan Carlos Serrano López.

Designación de dous senadores ou senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de D^a Elena Muñoz Fonteriz e D. Juan Carlos Serrano López

O señor PRESIDENTE: Polo acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces do 18 de maio iniciouse o procedemento para a designación de dous senadores ou senadoras en representación da Comunidade Autónoma de Galicia en substitución de dona Elena Muñoz Fonteriz e don Juan Carlos Serrano López, designados por esta Cámara o 19 de novembro de 2019 e o 26 de outubro de 2021 respectivamente e por proposta do Grupo Parlamentario Popular. Faise todo isto de conformidade co establecido no artigo 165.4 do Regulamento da Cámara.

Por resolución da Presidencia do 23 de maio de 2022 acéptanse como candidatos a senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo e a don Miguel Ángel Tellado Filgueira. A elección efectuarase por papeleta conforme o disposto no artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Para estes efectos, elaborouse polos servizos da Cámara unha papeleta co nome dos candidatos propostos na que se marcará cunha aspa o recadro do candidato ou dos candidatos aos que se lles presta o apoio. De non marcar ningún recadro, considerarase voto en branco; e, de introducirse algunha emenda, riscada ou calquera outra adición, declararíase voto nulo.

Cando xa todos os deputados e deputadas estean en posesión das papeletas, procederemos á votación, que será por chamamento e que fará a secretaria da Cámara, dona Corina Porro. E para isto prérgolles á vicepresidenta segunda e á vicesecretaria, señora Prado Cores e señora Ortega, que se sitúen ao carón da urna para recoller as papeletas.

Cando queira, señora secretaria, pode empezar co chamamento dos deputados e deputadas.

(A señora secretaria, Porro Martínez, procede a facer o chamamento das deputadas e deputados por orde alfabética, que van depositando o seu voto na urna; a continuación fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

¿Todos os deputados e deputadas exerceron o seu dereito a voto? *(Confirmación.)*



Procedemos ao relato.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Efectuado o escrutinio, o resultado é o seguinte: votos a favor de don Alberto Núñez Feijóo, 41; votos a favor de don Miguel Ángel Tellado Filgueira, 41; votos en branco, 31.


O resultado da votación é favorable. Polo tanto, acadado o apoio da Cámara, quedan designados senadores en representación da Comunidade Autónoma de Galicia don Alberto Núñez Feijóo e don Miguel Ángel Tellado Filgueira.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Aquí remata este pleno e iniciaremos o seguinte en dous minutos.

Remata a sesión ás catro e vinte minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

